

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR. CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Educación, Universidades e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18 de setembro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 11 do Decreto do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **tres representantes do profesorado**, dun total de seis que debe ter o Consello Escolar. Éstes serán elixidos para un período de catro anos. Dous representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022. A vacante que resultou na renovación do 2021 cubriuse na renovación parcial do 2022 e debe ser renovado na convocatoria actual do 2024.
2. O censo electoral de profesorado está exposto a partir do **28 de outubro** no taboleiro de anuncios da sala de profesorado do Centro.
3. As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día **29 de outubro** ata as **14:00 horas do día 8 de novembro**. (O prazo de admisión de candidatos/as non pode ser inferior a 7 días)
4. A mesa electoral estará formada pola Directora do Centro, que actuará como presidenta, e os profesores/as de maior e menor idade, actuando este último de secretario.
5. Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **dous nomes** da lista de candidatos.
6. O voto será directo, secreto e non delegable.
7. Para dar cumprimento ao artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes dos profesores no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convócase Claustro de Profesores, a tales efectos, para o día **martes 12 de novembro, ás 16:15 horas na sala de audiovisuais**.
8. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Touro, 28 de outubro de 2024.

A Directora do Centro e Presidenta da Xunta Electoral.

Asdo.: M^{ra} Carmen Rendo López.